



[CPR FILLAS DE MARÍA INMACULADA VIGO]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CPR Fillas de María Inmaculada, situado na Rúa Vázquez Varela nº 57 CP: 26204,

O enderezo electrónico do centro é cpr.hijasdemaria.inmaculada@edu.xunta.gal e a páxina web do centro é <https://colexiofillasdemariainmaculada.wordpress.com>

Contamos con contas de:

Facebook :[Colexio Fillas de Mª Inmaculada - Inicio](#) | Facebook e Instagram: [rmi_fillasvigo](#).

CPR Fillas de María Inmaculada pertence o concello de Vigo, cun censo de 293 837 habitantes a 1 de Xaneiro do 2022.

Facendo referencia os datos do INE, Vigo é o municipio máis poboado da comunidade autónoma de Galiza.

O noso centro conta cunha excelente ubicación e conexión de acceso, diversas liñas de autobús pasan próximas ao noso centro, estación de tren estación de autobús e estación marítima cercana.

A maioría do alumnado do noso centro proven dos barrios limítrofes da cidade de Vigo, e outra pequena parte provén dos municipios limítrofes como son Redondela, Mos, Porriño, Gondomar, Nigrán, Cangas e Moaña.

A economía de Vigo e a súa comarca caracterízase pola diversificación, os principais motores son a industria motriz, construción naval, pesca industrial, turismo e comercio.

Pese que a cidade de Vigo e a súa área metropolitana ocupan o segundo lugar do PIB en Galiza, hai que salientar que o nivel adquisitivo do alumnado deste centro variou co paso dos anos.

Actualmente, co sistema de adxudicación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o nivel socioeconómico é variable estando relacionado correlativamente co ano e nivel académico, sendo, na súa maioría de nivel medio, agás o nivel de formación profesional básico que soe ter un nivel socioeconómico medio baixo..

Nos últimos anos viuse incrementada a presenza do alumnado estranxeiro, situación que incrementa de forma paulatina.

Como consecuencia da crise sanitaria da Covid-19 tamén detectamos que o longo destes anos cada vez e maior o alumnado que presenta problemas de carácter psicolóxico (depresión, estrés..)

O noso centro educativo forma parte dun edificio onde convive a Congregación de Relixiosas; na ala oeste o edificio está preparado para funcionar como unha residencia universitaria feminina, que actualmente non está operativa.

Este centro é concertado e pertence á Congregación das Relixiosas de María Inmaculada, fundada por santa Vicenta María López y Vicuña. O centro leva desenvolvendo a súa labor educativa dende hai máis de cincuenta anos. Comezou con mozas que non podían acadar o título de Educación Xeral Básica. Sen esquecer esta liña de apoio ás mulleres que viñan do mundo rural e axudando ás nenas que tiñan dificultades para adquirir o título educativo básico, continuando na liña das directrices da Congregación, aumentaron a súa liña educativa profesional relacionado co mundo laboral é impartiron varias especialidades de formación profesional relacionadas coas

familias profesionais de formación profesional (FP I e II) de Administración e Xestión, Confección e Moda e Xardín e Infancia.

Cos cambios lexislativos, esta oferta variou. Continuouse coa liña formativa laboral: No ano 2015 este centro educativo volve sufrir outra transformación deixando paulatinamente os catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria en ciclos formativos de grao medio e superior. Actualmente, a nosa oferta educativa é a seguinte:

- Ciclo Formativo de Grao Superior da familia profesional de Sanidade: “Hixiene Bucodental”.*
- Ciclo Formativo de Grao Medio da familia profesional de “Comercio e Márketing”: “Actividades Comerciais”.*
- Ciclo Formativo da familia profesional de “Servizos Socioculturais e á Comunidade”: O grao medio de “Atención ás Persoas en Situación de Dependencia” e o grao superior de “Mediación Comunicativa”*
- Ciclo formativo de formación profesional básica da familia “Téxtil, confección e pel”, “Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel”*

O equipo directivo está formado por dúas directoras, a directora titular e a directora pedagóxica, ambas son relixiosas, e un xefe de estudos. O equipo docente está composto por 18 persoas: o 65 % son mulleres e o 35 restante homes. O 90 % do profesorado ten un ou dous graos e/ou licenciatura. Todos teñen o máster do profesorado; a nivel lingüístico, o 30 % posúe un nivel B” noutra lingua diferente ao castelá e galego.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Este centro educativo, trala pandemia producida polo Covid-19, comeza a apostar pola axuda que dá Internet, de cara a continuar co noso labor e decide aproveitar as ferramentas de Google for Education.

É un centro con escasos recursos ofimáticos. A meirande parte do profesorado máis antigo ten un nivel dixital medio-baixo e emprega Internet para realizar o seguimento do seu alumnado en Gsuite e para buscar recursos educativos que lles axuden no desenvolvemento das súas clases. O profesorado de recente incorporación presenta un nivel máis elevado de coñecementos ofimáticos ademais de amosarse máis seguro a hora de utilizar diversos recursos relacionados coa implantación das TICS na aula.

O noso centro ten unha tradición e orientación clara cara a formación profesión profesional. O centro ten un nivel socio económico medio baixo, polo que a utilización das novas tecnoloxías sitúase por debaixo da media. Numerosas familias do noso centro non teñen a súa disposición ordenadores ou acceso a internet.

O noso obxectivo é que o alumnado poida acceder os recursos que ofrece internet, e así contribuír a diminución da brecha tecnolóxica social.

Potenciaremos o uso de programas e de contornos que faciliten a aprendizaxe e a adquisición de habilidades e destrezas co fin de motivar e facilitar a aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento das competencias profesionais, sociais e persoais de toda a comunidade educativa.

Este Plan Dixital potenciará que os outros plans do centro poidan ser deseñados con eses coñecementos e habilidades que se fomentarán coa aprendizaxe de novas plataformas e ferramentas e isto permitirá que se vaian incorporando as metodoloxías didácticas dos docentes.

Plan Dixital, contribuirá na programación Xeral anual do curso 22/23 a:

- *Acadar unha dixitalización real entre o alumnado.*
- *Incorporar as Tic como unha ferramenta máis para obter información e xerar o coñecemento no alumnado.*
- *Propiciar o cambio de experiencias con outros centros educativos.*
- *Propiciar información actualizada do proxecto educativo do centro, oferta educativa, actividades...*
- *Potenciar o uso e manexo de aplicacións informáticas de propósito xeral (editor de textos, folla de cálculo e programas de creación de presentacións).*
- *Potenciar a realización de traballos en formato dixital, entregados por correo electrónico, Classroom ou similares.*
- *Potenciar o traballo en equipo para a realización da aprendizaxe por proxectos a través de Gsuite, Jamboard...*
- *Usar as TIC como ferramenta de apoio da aprendizaxe, así como promover a adquisición de destrezas e habilidades.*
- *Fomentar a utilización das redes sociais, en relación coas actividades realizadas no centro, tendo presentes os riscos de Internet.*
- *Formar o profesorado no eido das TICS.*

Breve xustificación do mesmo

A normativa a que facemos referencia a hora de implantar o Plan Dixital no noso centro é:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

Proceso de elaboración

O proceso de elaboración realizado pola coordinadora do plan dixital podémolo dividir en 3 fases ou etapas.

Durante o primeiro trimestre levouse a cabo a primeira etapa, na que se realizou un análise de situación utilizando a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD.

Na segunda avaliación levouse a cabo a segunda etapa, diagnose de situación, na que se elaborou un análise DAFO: Debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

E na terceira avaliación realizouse a elaboración do plan, na que acadamos obxectivos para levar a cabo no plan de acción.

Durante este proceso realizáronse formacións das que puideron participar a totalidade do equipo coordinador.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

2.1.1 Infraestrutura.

O CPR Fillas de María Inmaculada dispón dunha colectividade no centro de rede de cableado de alta velocidade, e dunha rede wifi que conta con 7 repetidores.

Existe unha conexión HDMI cableada en cada aula.

Por outra banda o profesorado ten que facer uso dos séus dispositivos portátiles, contando cun ordenador para o uso na sala do profesorado e departamentos, e 1 aula de informática que debido a situación sanitaria actual é utilizada na meirande parte do tempo polo ciclo formativo de Actividades Comerciais.

A aula de informática conta con 23 ordenadores de sobremesa, dos que 3 non funcionan correctamente. Detéctase que é preciso actualizar os programas dos ordenadores e incluír programas novos relacionados cos curriculums do resto dos ciclos formativos.

2.1.2 Equipamento.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS	
Aula de informática	20 3			-	1		
Aula AC					1		
Aula AC polivalente				1	1		
Aula APSD 1º					1		
Aula APSD 2º					1		
Aula HIBU					1		
Aula HIBU baixo					1		
Aula MC 1º					1		
Aula MC2º					1		
Aula FP B1º					1		
Aula FPB2º					1		
Sala Profesores	1						

Secretaría	1				1			
Dirección	1/1							
Xef. estudos	1							
Salón de actos					1	Mesa mesturas Equipo megafonía		
TOTAL								

Lenda:

Verde: estado bo.

Amarelo: estado bo pero ten máis de 10 anos.

Vermello: obsoleto, desuso, non funciona...

2.1.3 Servizos dixitais educativos

O centro tamén conta con servizos dixitais educativos: servizos corporativos e non corporativos que facilitan a xestión docente:

Na actualidade contamos co uso de licenza de Google for education,

En canto o espazo abalar e abalarmóbil, na actualidade unicamente é utilizado polo profesorado de FP Básica e polo alumnado para a visualización das notas.

Contamos con portal web do centro educativo:

<https://colexiofillasdemariainmaculada.wordpress.com/>

Correo electrónico corporativo @filasdemariainmaculada.org e de @eduxunta.gal.

Na actualidade a comunicación coas familias, alumnado e profesorado realízase mediante o correo corporativo @filasdemariainmaculada.org ou mediante a plataforma google classroom.

Dispoñemos de redes sociais como Páxina de Facebook, e instagram.

E de servizo de videoconferencia.

2.1.4 Xestión do mantemento do equipamento do centro

En canto a xestión do mantemento do equipamento contamos coa contratación dun técnico especializado para a reparación puntual dos equipos.

2.1.5 Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

Na actualidade non contamos cun protocolo de plan de continxencias.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				3,3	
	Profesorado				2,9	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3,1	
	Profesorado				3,1	
	Alumnado				2	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3	
	Profesorado				3	

	Alumnado				2,2	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				3,1	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				4	
	Alumnado				4,4	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				3,9	
	Alumnado				3,8	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				3,4	
	Alumnado				3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				3,4	
	Alumnado				2,9	

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>13</u>	<u>17</u>	<u>76,5%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>94,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P	<u>95,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>80,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>2</u>	<u>12,5</u>
B1	<u>8</u>	<u>50%</u>
B2	<u>4</u>	<u>25%</u>
C1	<u>2</u>	<u>12,5%</u>
C2		

TOTAL		
-------	--	--

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No noso centro lévase a cabo unha protección de datos. No noso centro o alumnado pode traer os seus dispositivos e utilízaos na clase de forma gratuíta. Dende o centro educativo promóvese a formación do profesorado para a actualización das competencias dixitais docentes. No noso centro o alumnado aprende a utilizar de maneira responsable o internet .O equipo directivo coñece a normativa sobre a adquisición do equipamento. Nas aulas hai equipamento mercado polo propio centro.O noso	No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro, do que a totalidade do alumnado non pode dispoñer del según a necesidade.No noso centro os dispositivos dixitais do centro están desactualizados. Non se dispón dun plan para axudar o equipo docente a afrontar os desafíos relacionados co aprendizaxe do alumnado e o seu contorno socioeconómico. O noso alumnado con necesidades específicas especiais non ten acceso a tecnoloxías asistenciais. O noso alumnado non ten acceso a unha biblioteca en liña con ensinanzas de aprendizaxe.
	PERSONAL DOCENTE	O profesorado busca recursos dixitais en internet. O profesorado busca recursos dixitais para reforzar o seu método de ensinanza. No centro existen dispositivos dixitais que o profesorado pode utilizar na súa labor docente. O profesorado utiliza entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación no centro.O profesorado utiliza actividades formativas para fomentar a creatividade do alumnado, motivar e facilitar a cooperación. O profesorado pon a disposición do alumnado equipamento tecnolóxico(impresoras,bordadoras, caixa rexistradora..).	O persoal docente non atopa apoio a hora de utilizar novas modalidades de ensino utilizando as novas tecnoloxías. O profesorado non conta con tempo para mellorar método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. O profesorado non intercambia experiencias en tecnoloxías dixitais dentro do centro. No noso centro non se avalían os progresos do profesorado con tecnoloxías dixitais
	PERSONAL NON DOCENTE	O centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica, mediante a páxina web,redes sociais, correo electrónico...No noso centro temos asistencia técnica.	O persoal non docente non ten un desenrolo continuo no uso das novas tecnoloxías.
	ALUMNADO	O alumnado ten acceso a internet para os seus estudos e pode traer os seus dispositivos para realizar o traballo. O alumnado realiza actividades nas que se deben utilizar as novas tecnoloxías traballando así de forma cooperativa e incrementando así a súa participación. O alumnado pode facer un seguimento das súas tarefas mediante a plataforma google classroom .	Pese que o alumnado ten acceso a internet para realizar o traballo na aula, o funcionamento da rede non é axeitado. No noso centro hai dispositivos informáticos que o alumnado non pode utilizar. O alumnado non ten a súa disposición, tablets ou ordenadores para levar a casa. O alumnado non ten a súa disposición unha base de datos para consultar empresas para as prácticas externas.
	FAMILIAS	As familias pódense comunicar co centro mediante o uso do correo electrónico, páxina web, redes sociais...	As familias non lles chegan as notificacións por abalar móbil. Moitas familias non teñen equipos informáticos(ordenadores/tablets)na casaou acceso a rede. Descoñecemento das familias no uso das TICS
	OFERTA	O equipo directivo informa e involucra o persoal sobre as ofertas formativas. Infórmanse sobre as novas modalidades de ensino.O centro promove o uso das TICS en proxectos internacionais.	As empresas non participan na estratexia dixital do centro. O presuposto para a formación do profesorado é limitado.Neste centro non se imparten ciclos nos que se desenrollan o uso exclusivo das TICS. (Robótica, intelixenza artificial, mantemento electrónico...)
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O centro organiza utilizando as TICs a documentación necesaria para o profesorado. O centro comunícase con outros centros asociados, administración... utilizando as novas tecnoloxías.	No centro non existen repositorios en liña/bibliotecas adecuadas con materiais de ensinanza-aprendizaxe.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Existen subvencións públicas para a dotación dos centros no uso das TICS.A administración educativa pon a disposición dos centros ferramentas de xestión, comunicación para o centro, alumnado e familias. A administración educativa pon a disposición repositorios gratuítos para a formación.	A infraestrutura dixital do centro vese afectada pola falta de presuposto.Non se dispón de asistencia técnica gratuíta.Os centros publicos teñen maior apoio financeiro para inversión en TICS por parte do estado.O acceso as subvencións é limitado.

LEXISLACIÓN	No noso centro estamos o corrente sobre os dereitos de autor e temos acceso a licenzas de uso de google. Nos reais decretos lexislados polo goberno, cada vez inciden máis no uso das Tics.	A hora de implantar a lexislación non se ten en conta as características particulares de cada centro (recursos económicos, dispositivos, conexión...).Outros centros contan con outras licenzas para o uso educativo.
CONTORNA	No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais para colaborar con outras entidades. Gran parte dos centros nos que o alumnado realiza as prácticas utilizan as novas tecnoloxías. Existen organizacións privadas que informan os centros educativos sobre as axudas públicas e privadas.	Existen centros educativos con formación similar, que están mellor dotados tecnoloxicamente.
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES	No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais para colaborar con outras entidades. Gran parte dos centros nos que o alumnado realiza as prácticas utilizan as novas tecnoloxías. Existen organizacións privadas que informan os centros educativos sobre as axudas públicas e privadas.	As entidades coas que traballamos nos respaldan coa dotación de equipos tecnolóxicos.

Plan de Acción

Tendo en conta os recursos materiais e humanos que temos a nosa disposición, centrarémonos en 6 obxectivos que suporán unha mellora relativa para o noso centro.

Implantar o uso do espazo abalar.

Intercambiar experiencias dixitais tecnolóxicas no centro.

Formar o persoal no eido das TICS.

Creación dunha bolsa de traballo dixital.

Creación dunha biblioteca en liña con ensinanzas de aprendizaxe.

Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas.

Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o plan de acción tivéronse en conta os resultados obtidos no análise DAFO. Entre as áreas prioritarias establecemos 6 obxectivos que consideramos que poden supoñer unha mellora para o noso centro.

En primeiro lugar centrarémonos no uso do espazo abalar. Para levar a cabo dita acción estableceremos 3 obxectivos que serán medibles e cuantificables.

Para executalo obxectivo a dirección/xeftura do centro deberá acordar a súa implantación. Establecerase un grupo de traballo para por en marcha o espazo abalar, realizando formacións, dosiers..O obxectivo final será o uso de alomenos o 10% do profesorado para establecer unha comunicación co alumnado/familias.

O segundo obxectivo será o intercambio de experiencias dixitais tecnolóxicas no centro. Para acadalo deberase formar un grupo de traballo, elaborar documentos compartidos e publicar os mesmos. O valor previsto é que no fin do 3º trimestre se compartan 5 recursos, incrementando así o intercambio de experiencias tecnolóxicas.

O terceiro obxectivo e a formación do persoal no eido das TICS, deberase realizar unha búsqueda que poderá ser realizada por parte da dirección, xefatura de estudos ou grupo coordinador de TICS.O finalizar o segundo trimestre o 50% do profesorado deberá realizar accións formativas neste campo, comezando por aqueles que obtiveron os peores resultados no TCDD.

Obxectivo número 4 é a creación dunha bolsa de traballo dixital, esta bolsa deberá ser aprobada pola dirección/xeftura do centro, unha vez aprobada crease un grupo de traballo e sé procederá a publicación da base de datos en liña. A finalidade é inscribir a 20 empresas ou o 30%do alumnado do centro a finais do 3º trimestre.

O obxectivo número 5 é a creación dunha biblioteca en liña para o uso de ensinanzas de aprendizaxe. Como tódolos obxectivos en primeiro lugar requirirase a necesidade da aprobación por parte da dirección/xeftura de estudos, unha vez acordado será preciso crear un novo grupo de traballo no que se decidirá o medio polo que se publicarán os recursos, e de seguidas crease o material que será accesible para o alumnado, familias e profesorado.

Para finalizar tratarase de desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas.

Determinaranse grupos de traballos, tarefas conxuntas que sexan avaliábles mediante rúbricas e se procederá a publicación e revisión. O finalizar o 3º trimestre deberanse compartir 5 rúbricas na aula virtual do centro.

Nas táboas da páxina 13 a 18 deste documento indícanse os responsables, datas e recursos necesarios par levar a cabo estas accións.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas detéctase que a conexión wifi non funciona correctamente, o uso de repetidores crea conflitos entre as redes, ademáis de contar cunha rede saturada, polo que sería preciso dispoñer dunha rede wifi de calidade.

sería preciso dispoñer o equipamento informático debe actualizarse (programas informáticos), Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso establecer en cada caso a finalidade para a que se precisan ditas melloras.

Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Dispoñer de conexións cableadas, sen fíos de electrónica de rede para evitar os riscos.

– Equipamento:

Ordenadores portátiles ou tabletas: A disposición do profesorado/alumnado sin recursos.

Ordenador de sobremesa: Actualizar ou incrementar os equipos para uso na sala de profesores e departamentos.

1 Ordenador de sobremesa para a biblioteca.

– Servizos dixitais educativos corporativos:

Actualización da páxina web do centro.

Uso do espazo Abalar con todas as súas funcionalidades e aplicacións.

Desenvolvemento de proxectos corporativos como pode ser E-Dixgal.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: B. COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 1 (1):	Implantar o uso do espazo Abalar				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de docentes que utilizan o espazo abalar					
Valor de partida (3)	2% do profesorado que utiliza o espazo abalar					
Valor previsto e data (4)	10 % do profesorado.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Implementación do espazo abalar para a comunicación co alumnado/familias....	Dirección/xeftura de estudos.	Fin da 1ª Avaliación.	Acta.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Establecer un grupo de traballo para por en marcha o espazo abalar/formacións...	Dirección/ xeftura de estudos/coordinador Tic	Fin 1º Avaliación	Listaxe de accións formativas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Uso do espazo abalar para a comunicación do alumnado/familias...	Persoal do centro educativo.	Fin 3ª Avaliación	Acceso a internet/ dispositivos informáticos(ordenador, tablet, teléfono..) Certificado dixital, clave permanente ou correo @eduxunta. Nº de comunicacións realizadas. Profesorado que utiliza o espazo abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

“Área/s de mellora”: D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO						
OBXECTIVO 2 (1):	Intercambiar experiencias dixitais tecnolóxicas no centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de documentos creados e compartidos nun documento.					
Valor de partida (3)	0 recursos compartidos.					
Valor previsto e data (4)	5 recursos compartidos.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Creación dunha grupo de traballo.	Xefatura de estudos/ Grupo coordinador TICs.	Fin do 1º Trimestre.	Grupo de traballo. Propostas de proxectos (Número de proxectos).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Elaboración de documentos compartidos.	Grupo coordinador TICs/ Profesorado do centro.	Fin do 2º Trimestre.	Actas de control dos proxectos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Publicación dos documentos.	Grupo coordinador TICs/ Profesorado do centro.	Fin do 3º Trimestre.	Cantidade de proxectos /recursos compartidos expostos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO						
OBXECTIVO 3 (1):	Formación do persoal no eido das TICS				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de persoas certificadas..					
Valor de partida (3)	10% Profesorado.					
Valor previsto e data (4)	50% Profesorado.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Búsqueda de accións formativas.	Dirección / Xefatura de estudos/Grupo coordinador TICS.	Fin do 1º Trimestre.	Equipamento informático, Profesorado Especialista.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Realización das accións formativas	Dirección/profesorado especialista	Fin do 1º Trimestre.	Profesorado Especialista / equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Obtención da certificación/acreditación	Persoal do centro.	Fin do 2º Trimestre.	Profesorado Especialista / equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: OUTROS						
OBXECTIVO 4 (1):	Creación dunha bolsa de traballo dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de empresas inscritas/% Do alumnado inscrito.					
Valor de partida (3)	0 empresas/0% do alumnado.					
Valor previsto e data (4)	20empresas/30% do alumnado.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Aprobación da creación dunha bolsa de traballo dixital.	Dirección do centro/xfatura/Profesora do do centro encargado da FCT/grupo coordinador TIC	Fin do 3º Trimestre	Acta/Equipamento informático/documentos compartidos/páxina web/redes sociais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación dun grupo de traballo para a realización dunha base de datos de empresas colaboradoras, e de alumnado en proceso de búsqueda de emprego.	Profesorado do centro.	Fin do 3º Trimestre.	Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Publicación da base de datos en iña	Grupo coordinador TICS.	Fin do 3º Trimestre.	Equipamento informático Páxina web/redes sociais...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: C. IFRAESTRUCTURA E EQUIPOS							
OBXECTIVO 5 (1):	Creación dunha biblioteca en liña con ensinanzas de aprendizaxe					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Recursos compartidos						
Valor de partida (3)	0 recursos compartidos						
Valor previsto e data (4)	10 recursos compartidos						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A5.1: Aprobación da creación dunha biblioteca en liña co uso de ensinanzas de aprendizaxe	Xefatura de estudos	Fin da 1º Avaliación	Acta		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2: Creación dun grupo de traballo para establecer o medio polo cal se compartirán os recursos	Profesorado	Fin da 2º Avaliación	Acta Equipamento informático(ordenadores, acceso a rede/páxina web, Google drive.. Biblioteca en liña		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Creación do material/ subida do material para o acceso do alumnado, familias e profesorado	Profesorado	Fin da 3ª Avaliación	Recursos compartidos/ equipamento informático/páxina web...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: G PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
OBXECTIVO 6 (1):	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual.					
Valor de partida (3)	0 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro					
Valor previsto e data (4)	5 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para crear rúbricas.	Xefe de estudos	Fin do 1º trimestre	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Determinación de tarefas conxuntas que sexan avaliábeis mediante rúbricas.	Grupo de traballo	Fin do 2º trimestre	Actas de reunións, rúbricas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Publicación das rúbricas. Revisión	Grupo de traballo	Fin do 3º trimestre	Ordenador, internet, Rúbricas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

2. Avaliación do plan:

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

Difusión do plan

Para a difusión do plan dixital convocarase un claustro no que deberá estar presente a totalidade do profesorado.

Tamén estará disponible na plataforma google drive. “Documentos do centro”.